



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 12:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Expediente 7223/2019. Informe da inspección tributaria s/solicitude de ocupación de vía pública con posto de venda de pulpo

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Vista a proposta-informe emitida en data 28.01.2020 polo departamento de xestión de ingresos tributarios, referente a solicitude presentada por G.J.G.V., para ocupación de vía pública coa instalación de posto de venda de pulpo en rúa Real, nº X.

A Xunta de Goberno Local, acorda que polo departamento de xestión de ingresos tributarios se proceda a requirir ao solicitante para que indique a superficie a ocupar e o tempo de duración, requisitos sen os cales non se pode levar a cabo a tramitación do expediente de ocupación de vía pública.

Expediente 5335/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5335/2018.- EXPEDIENTE Nº 23.359.- LICENZA Nº 22.690.- Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a X.C.L., con enderezo na Avda. de Oza, nº X Coruña, para unha vivenda unifamiliar, sito en rúa Corte das Bouzas-Pinténs-O Hío (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 22.690 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 9 de setembro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 24 de xaneiro de 2020, logo da recepción do informe favorable da UTE.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto.

Expediente 1123/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1123/2019.- Conceder a A.M.P.M., con enderezo a efectos de notificacións en X titular do DNI nº ***8590**, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo urbano ou solo de núcleo rural regulado pola ordenanza URNU, realizar obras de demolición parcial, rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar na Serra de Nacente nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.D.I, de data febreiro de 2019 e visto o informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de data 02.10.2019. A licenza outorgarase condicionada a que, antes do inicio das obras, deberá presentar proxecto de execución visado e oficios de dirección de obra e de execución destas, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para aque





se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento setenta mil oitocentos noventa euros (170.890,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación de vieiro formalizada en escritura pública de data 23.01.2020 formalizada perante a notaria M.J.L.E., nº do seu protocolo 56, por unha superficie de 29,45 m²., e a fianza depositada en Abanca o 23.01.2020, para responder dos gastos de urbanización por importe de cincocentos corenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (545,79).

Expediente 579/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 29.01.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº 579/2020 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

Resultando que no lugar de Santa Marta-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar escavacións na vía pública para instalación dun téndido aéreo.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, "TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU", promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a "TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU," por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar escavacións na vía pública para instalación dun





tendido aéreo, sen licenza para iso, no lugar de Santa Marta-Darbo.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 17 de xullo de 2019.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertindo que terá dereito a unha redución do 90% da sanción, que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS, para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notificar o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3394/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de ampliar documentación referente aos informes técnicos do arquitecto municipal e da xefa de urbanismo.

Expediente 585/2020. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Vista a proposta de data 30.01.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº585/2020 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

Resultando que no lugar de Rabans-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: cerramento a 4 metros do camiño.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados L.P.C., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro do chan de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa de entre trescentos e seis mil euros (300 e 6.000€) de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ó infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e dacordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a L.P.C. por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario do mesmo o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imponerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o





caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Proposta de Alcaldía Expediente 5789/2019. Proposta da alcaldía para adxudicación da obra de "Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.01.2020 da alcaldía, referente á adxudicación da obra "Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza", que é como segue:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 15 de xaneiro de 2019 do seguinte teor literal:

Expediente núm.: 5789/2019

Contrato: Obra 'Acondicionamento espazo Rúas Poio-Ensinanza'

Asunto: acta da mesa de contratación

1ª SESIÓN

Data e hora: 15.01.2020 ás 10:00 h.

Lugar de realización: sala de xuntas da alcaldía.

Sendo ás 10:05 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da mesa de contratación que a continuación se indican, para o estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión.

Asistentes á reunión:

Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela –alcalde





Vogais: E.P.L. –secretario municipal

S.C.M. –interventor municipal

J.V.R. –tesoureiro municipal

E.G.F.–concelleiro de obras

Secretaria da mesa: P.P.P. –técnica de administración xeral Orde do día:

PRIMERO.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159).

SEGUNDO.- Subsanación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores.

TERCERO.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

CUARTO.- Outros. Remisión de ofertas ó técnico responsable do cálculo da puntuación.

QUINTO.- Incidencias. Solicitud de aclaración.

SEXTO.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores.

Logo da constitución formal da mesa, a secretaria procede a informar dos licitadores que presentaron oferta electronicamente a través da plataforma de contratación do sector público e que son os seguintes:

	<i>Razón Social</i>	<i>NIF</i>	<i>Data e hora de presentación</i>
1	<i>Innova Profesional Desarrollos SL</i>	<i>B94098035</i>	<i>19-12-2019 12:19</i>
2	<i>Excavaciones y Const. Manuel Pérez Portela SL</i>	<i>B36239861</i>	<i>19-12-2019 17:22</i>
3	<i>NAROM SL</i>	<i>B36163418</i>	<i>19-12-2019 20:39</i>
4	<i>Construcciones Caldevergazo SL</i>	<i>B36133916</i>	<i>20-12-2019 12:58</i>
5	<i>SODEIN Soluciones integrales S.L.</i>	<i>B27808641</i>	<i>23-12-2019 17:19</i>
6	<i>Construcciones, Obras y Viales S.A. (COVSA)</i>	<i>A36008886</i>	<i>26-12-2019 13:38</i>
7	<i>Construcciones VALE, S.L.</i>	<i>B36024933</i>	<i>27-12-2019 20:37</i>
8	<i>Servicios Medioambientales del Miño SL</i>	<i>B27815182</i>	<i>3-01-2020 17:54</i>

Acto seguido procédese ao descifrado e descarga da documentación presentada electronicamente por cada licitador no sobre único e ao estudo da documentación administrativa. Neste acto os membros da mesa acordan admitir á licitación ás 8 empresas presentadas, sen ter que requirir





ningún tipo de subsanación ou emenda.

A continuación procédese a ler as ofertas económicas presentadas polos licitadores admitidos e faise entrega destas á técnica municipal María Isabel Medraño Fariña, para o seu estudo e valoración.

Non habendo máis intervencións o presidente dá por terminada a reunión ás 11:20 horas, emprazando aos membros da mesa para o día 27.01.2020 ás 9:30.

2ª SESIÓN

Data e hora: 27.01.2020 ás 9:30.

Lugar de realización: sala de xuntas da Alcaldía

Asistentes á reunión:

Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela –alcalde

Vogais: E.P.L. –secretario municipal

S.C.M. –interventor municipal

J.V.R. –tesoureiro municipal

E.G.F. –concelleiro de obras

Secretaria da mesa: P.P.P –técnica de administración xeral Asesora da mesa:

M.I.M.F.

Iniciada a reunión na hora indicada, a asesora da mesa procede a explicar a valoración realizada cuxo resultado consta no informe anexo a esta acta.

A clasificación definitiva das ofertas en orde decrecente é a seguinte:

1º	CONSTRUCCIONES VALE SL	71,16
2º	INNOVA PROFESIONAL DESAROLLOS SL	70,50
3º	COVSA	70,42
4º	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO SL	62,50
5º	EXCAVACIONES Y CONST. MANUEL PÉREZ PORTELA SL	60,89
6º	SODEIN	54,31





7º	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	44,77
8º	NAROM SL	41,96

En consecuencia a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, propón á Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato de obra 'Acondicionamento espazos Rúa Poio-Ensinanza', á mercantil 'CONSTRUCCIONES VALE SL', con NIF nº B36024933, por importe de cento once mil cento dezaoto euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €) (IVE incluído), cun prazo de execución de 60 días e as melloras ofertadas na súa proposta económica.

Non habendo mais intervencións o presidente dá por terminada a reunión ás 9:55 horas e para que quede constancia do actuado a secretaria da mesa redacta a acta que somete á sinatura do presidente e vogais.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (registro de entrada do día 28 de xaneiro de 2020) a documentación requirida de data 27 de xaneiro de 2020, relativa á garantía definitiva por importe de catro mil cincocentos noventa e un euros con sesenta e seis céntimos (4.591,66 €), IVE excluído.

Considerando o disposto na Disposición adicional segunda, no Decreto nº 1134-2019, de 17 de xullo de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Asumir a proposta da mesa de contratación e adxudicar á empresa 'CONSTRUCCIONES VALE SL', con NIF nº B36024933, por importe de cento once mil cento dezaoto euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €) co IVE incluído, por ser a oferta mais vantaxosa.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 2019 / 0 / 1532 / 609 / 02 do orzamento municipal, segundo se fai constar no documento de retención de crédito expedido pola intervención municipal en data 14.03.2019 (asentamento nº 002083).

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificar a 'CONSTRUCCIONES VALE SL', con NIF nº B36024933, a adxudicación do contrato.

QUINTO.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

SÉTIMO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

OITAVO.- Nomear á arquitecta técnica, C.G.C., como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

NOVENO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio





xurídico, así como, ao responsable do contrato".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 496/2020. Proposta de solicitude de axuda á Consellería de Política Social para cofinanciar o servizo de Atención Temperá (do 1 de novembro de 2019 ao 31 de outubro de 2020)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.01.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social para cofinanciar o Servizo de atención temperá (do 1 de novembro de 2019 ao 31 de outubro de 2020), que é como segue:

"Vista a publicación no DOG nº 16 de data do 24.02.2020 da orde do 19.01.2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS700A).

Visto que a posta en funcionamento do Servizo de atención temperá do Concello de Cangas é do 01.07.1999.

Visto que en data do 16.12.2019 foron remitidas as contas, correspondentes ao ano 2018, ao Consello de Contas de Galicia.

Visto que a contratación de persoal que desenvolve as funcións do servizo foi realizada de acordo coa normativa aplicable ás administracións públicas e a correspondente concorrência e na xestión indirecta, segundo a normativa aplicable en materia de subvencións e contratación administrativa.

Vista a documentación que consta no expediente, proponho á Xunta de Goberno Local:

** Solicitar subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciada polo PO FSE 2014-2020, declarando aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciala nos termos seguintes:*

- 1.- Prestación do Servizo de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, de 5 de decembro) nas condicións reflectidas no artigo 8 da orde.*
- 2.- A xestión será individual polo Concello e directa.*
- 3.- O período de execución será do 1 de novembro de 2019 ao 31 de outubro de 2020.*
- 4.- Os integrantes do equipo de atención temperá durante o período de execución será de tres*





profesionais que formarán un equipo interdisciplinar.

5.- O número de horas totais de traballo do equipo (art. 10.2) e o importe dos custos de prestación do servizo en función do prezo unitario/hora (art. 10.1) durante o período de execución son:

* Grupo I: 1845.

* Grupo II: 3.690.

E por outra banda, con base nos datos que figuran nos correspondentes arquivos:

1.- A data de posta en marcha do Servizo de atención temperá configurado como tal polo Concello de Cangas foi 01.07.1999.

2.- Que foron remitidas as contas correspondentes ao último exercicio esixible ao Consello de Contas de Galicia.

3.- A porcentaxe de persoas con discapacidade no cadro de persoal do Concello de Cangas é de 0%.

4.- A contratación do persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de atención temperá foi realizada de acordo coa normativa aplicable ás administracións públicas".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 371/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade para creación de servizo de atención psicolóxica a nenos/nenas e adolescentes con exposición á violencia de xénero

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a proposta de data 17.01.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente á creación dun servizo de atención psicolóxica a nenos/nenas e adolescentes con exposición á violencia de xénero, que é como segue:

INFORME DE NECESIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A NENAS E NENOS E ADOLESCENTES CON EXPOSICIÓN Á VIOLENCIA DE XÉNERO

María Victoria Portas Mariño, como concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade do Concello de Cangas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A atención psicolóxica a nenos/nenas e adolescentes con exposición á violencia de xénero é un programa que consideramos necesario para abordar desde a área terapéutica, os efectos que a violencia de xénero causa nas crianzas que teñen exposición esta, tanto polo seu grupo de iguais como por ser fillos/fillas dun home que a exerza. Este programa ten como finalidade realizar intervencións individuais e intervencións grupais, así como, reforzar os vínculos relacionais coas súas nais. O traballo terapéutico con menores en violencia de xénero non se





realiza dende o CIM nin desde o programa de educación familiar de servizos sociais, que teñen un abordaxe psicosocial, polo que existe unha necesidade de atención e unha demanda por parte das mulleres que son atendidas nestes servizos.

Este servizo ten que ser levado a cabo por psicólogas sanitarias con formación e experiencia en psicoterapia infantil e en violencia de xénero. Cada ano detectamos unha media de 12 nenos/nenas fillos/fillas de vítimas de violencia de xénero, xunto con nenos/nenas que a sufriron no pasado, pero que están comezando a reflectir os efectos desta, polo que consideramos necesaria a súa atención para previr patróns violentos de relación no presente e no futuro, polo que sería recomendable contar cun programa anual de tratamento para garantir a súa participación.

No ano 2019 optouse pola liña de subvención da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a Promoción da Igualdade, con cargo ao Programa FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, denominada Programa de promoción da Igualdade e Prevención da violencia de xénero SI435A.

Polo exposto, desde a concellería de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación de dito servizo".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 367/2020. Proposta de prestación do servizo de xantar na casa	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:	
* CONCEDERLLE a C.R.S., con DNI nº ***8839** e con expediente nº 36008/02/00310 8, o programa xantar na casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello [precio do menú de un euro con sesenta e sete céntimos euros/día (1,67 €/día)].	
<u>Data prevista de alta no programa xantar na casa:</u> febreiro de 2020.	

Expediente 658/2018. Proposta de Alcaldía s/cumprimento da Sentenza nº 204/2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra (resolutoria do PO nº 28/2018)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a proposta da alcaldía de data 30.01.2020 referente á Sentenza nº 204/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, resolutoria do PO nº 28/2018 e Auto de data 22.01.2020, recaído na execución definitiva nº 0000043/2019, instruído expediente nº	





658/2018 (Ref. X-18/02), que di o seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DAR CUMPRIMENTO A SENTENZA Nº 204/2018 DE 12.11.2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA, RESOLUTORIA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 28/2018 E AUTO DE DATA 22.01.2020, RECAÍDO NA EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 0000043/2019 INSTRUÍDO EXP. 658/2018 Ref. X-18/02

Visto o contido da Sentenza número 204/2018, promovido pola entidade mercantil 'NBP CLEMS ABOGADOS Y CONSULTORES SLP', contra o Decreto nº 2018/47, de 13 de xaneiro de 2018, do alcalde-presidente do Concello de Cangas, desestimatorio do recurso de reposición fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de 13 de novembro de 2017, polo que se aprobou o expediente de contratación do 'Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo', co fallo que de seguido se reproduce literalmente:

“1º.- ESTIMAR EN PARTE el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil 'Nbp Clems Abogados y Consultores SLP', contra el Decreto 2018/47, de 13 de enero de 2018, del Alcalde-Presidente del Concello de Cangas, desestimatorio del recurso de reposición presentado frente al acuerdo de 13 de noviembre de 2017 de la Junta de Gobierno Local, aprobatorio del expediente de contratación del 'Servicio de asesoría jurídica, asistencia letrada y defensa en juicio', junto con sus pliegos de cláusulas administrativas particulares y prescripciones técnicas (expte. C-17/09_2789/2017).

2º.- Anular la referida resolución de 13 de enero de 2018.

3º.- Declarar la nulidad de la cláusula 8.2 del pliego de cláusulas administrativas particulares aprobado por el citado acuerdo de 13 de noviembre de 2017 de la Junta de Gobierno Local.

4º.- Declarar la nulidad del contrato, condenando al Concello de Cangas a su liquidación.

5º.- Sin imposición de costas'.

Visto que a devandita sentenza foi confirmada en apelación pola Sentenza nº 80/2019, de 10 de abril de 2019, da Seción 3 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto o contido do Auto de 22 de xaneiro de 2020 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído no procedemento de execución definitiva EJD 43/2019-MS, relativo ao procedemento ordinario antes mencionado coa parte dispositiva que de seguido se reproduce:

“1º.- Declarar la nulidad del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 9 de septiembre de 2019, que dispuso la prórroga del contrato en cuestión.

2º.- Requerir al Concello de Cangas a fin de que de por concluído con carácter inmediato el referido contrato.

3º.- Advertir al Concello de Cangas que si en el plazo de 10 días desde la recepción de la notificación de este Auto no acredita en este Juzgado la conclusión y liquidación definitiva del contrato se le impondrán multas coercitivas personales al Alcalde y al Secretario municipal de entre 150 y 1.500 euros, reiteradas periódicamente, hasta que se cumpla la sentencia (previo trámite de audiencia a cada uno de ellos -art. 112 LJCA-), sin perjuicio de las demás responsabilidades a las que hubiere lugar'.





Vista a necesidade de dar cumprimento ás resolucións xudiciais citadas nos termos establecidos nestas.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 204/2018 de 12.11.2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra resolutoria do Procedemento Ordinario nº 28/2018, promovido pola entidade mercantil 'NBP CLEMS ABOGADOS Y CONSULTORES SLP', da Sentenza nº 80/2019, de 10 de abril de 2019, da Sección 3 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que confirmou a anterior e do Auto de 22 de xaneiro de 2020 do Xulgado Contencioso-Administrativo Número 1 de Pontevedra, recaído no procedemento de Execución Definitiva EJD 0000043/2019, relativo ao Procedemento Ordinario nº 28/2018 citado e levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das declaracións contidas nas devanditas resolucións xudiciais.

*Segundo.- Dar por concluído e proceder á liquidación do contrato de 'Servicio de asesoría jurídica, asistencia letrada y defensa en juicio', (expte. C-17/09_2789/2017), asinado coa 'UTE BUFETE ROIBÁS ABOGADOS, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO', con NIF nº ***1168**, para os efectos de dar cumprimento á sentenza e auto anteriormente referenciados.*

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado a entidade contratista e aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención

Cuarto.- Dar conta ao xulgado do presente acordo, co fin de cumprir co requirimento contido no apartado terceiro da parte dispositiva do citado auto dentro do prazo outorgado para tal efecto".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4586/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación de convocatoria e bases para selección e contratación de persoal para o Conservatorio e Escola de Música Municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 31.01.2020 da alcaldía, referente a aprobación de convocatoria e bases de proceso selectivo para a contratación laboral temporal de profesor/profesora do Conservatorio e Escola de Música Municipal, que é como segue:

"Vistos os informes da directora do CMUS Profesional de Cangas e da Escola Municipal de Música 'Mestre Inocentes Camaño' de 17.07.2019, 16.01.2020 e 22.01.2020, nos que pon de manifesto a necesidade de acometer un proceso de selección dirixido á constitución dun listado de agarda que permitise atender as necesidades puntuais de substitución dos mestres de música de todas as disciplinas instrumentais e materias complementarias que se imparten nos centros, atendendo en particular a que no último informe de data 22.01.2020 dá conta da baixa dunha das profesoras téndose esgotado a posibilidade da súa cobertura con base no





listado en vigor para esa especialidade.

Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido á representación sindical, así como os informes emitidos pola secretaría e intervención municipal de datas 27.01.2020 e 30.01.2020, respectivamente.

Considerando en relación co informe de intervención que o presente proceso selectivo vai dirixido á constitución dunha bolsa de emprego ou lista de agarda para a cobertura das futuras posibles contratacións laborais temporais, na modalidade de contrato laboral de duración determinada, coas cláusulas específicas do contrato temporal de interinidade para a substitución dos profesores de música que as ocupan actualmente nos supostos que a normativa vixente permite para esta modalidade contractual. Precisamente por este motivo entendemos que non resulta de aplicación neste momento a previsión apuntada polo interventor no seu informe en relación co artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (LPGE 2018), que deberá ser observado no momento concreto no que por producirse os supostos previstos se dea a contratación efectiva, momento para o que as bases propostas difiren a apreciación das características das necesidades de acordo co citado artigo e demais de aplicación.

En calquera caso e con carácter xeral cómpre sinalar que os supostos previstos nas bases para dar lugar á contratación dificilmente poden darse fóra dos condicionantes determinados no precepto da lei de orzamentos invocada, pois unha baixa médica dun profesor durante o curso académico, non resulta previsible e polo tanto resulta excepcional e xera unha necesidade urxente e inaprazable por canto a inexistencia de cobertura repercute e altera o desenvolvemento do curso e a formación que reciben os alumnos, tendo en conta ademais que se trata dun servizo que se presta aos usuarios nun eido esencial como é o da educación.

En canto á inexistencia de vacante, sen prexuízo de insistir novamente en que o obxecto das bases é a constitución dun listado de agarda e non a contratación efectiva, cómpre recordar que as prazas que poden dar lugar a esta cobertura figuran como vacantes no cadro de persoal do Concello de Cangas que acompaña aos orzamentos vixentes no apartado de persoal laboral fixo (BOPPO Núm. 106, de 04/06/2018) e que en calquera caso se trata de cubrir supostos de contratación por substitución nos casos que permite a normativa vixente.

Motivos os expostos polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por Intervención.

Respecto dos aspectos aos que se refire o secretario no seu informe cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como diversos prazos ou temario só están predeterminados normativamente respecto a selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, como el mesmo reflicte no informe, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra os prazos propostos non eliminan os dereitos dos aspirantes nin os restrinxen de tal xeito que queden baleirados de contido..

Como se trata de atender a coberturas interinas por baixas e situacións semellantes non existe





risco de incorrer no que o Secretario reflicte como estruturalidade.

Por último considérase que a proba e axeitada pois responde aos criterios establecidos no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público xa que se trata de que o tribunal valore a exposición que faga cada aspirante dunha clase, isto é valorar como se vai desenvolver na transmisión de coñecementos ao alumnado o que dende logo responde ao que a norma sinalada prevé para as probas selectivas cando di que “os procedementos de selección coidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación ao desempeño das tarefas dos postos de traballo convocados, incluíndo, no seu caso, as probas prácticas que sexan precisas”. A proba proposta entendemos que responde perfectamente a este obxectivo e non ten menos garantías que outras probas posibles recollidas no mesmo precepto da citada norma básica como a exposición curricular.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función do disposto no Decreto 1135-2019 de 17 de xullo de 2019.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Municipal no seu informe de data 30/01/2020 en base a motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de traballo de profesor/a de música, categoría de profesor/a de música, Grupo II, nivel 24 por cada unha das seguintes especialidades:

- Profesor de vento metal e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de calquera dos instrumentos de vento metal.*
- Profesor de vento madeira e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de clarinete.*
- Profesor de violín e viola e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de violín.*
- Profesor de piano e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de piano.*
- Profesor de guitarra e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de guitarra.*
- Profesor de violoncello e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de violoncello.*
- Profesor de percusión e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de percusión*

Bases que literalmente din:

<<BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE PROFESOR/PROFESORA DE MÚSICA PARA O CONSERVATORIO E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA E SISTEMA DE SELECCIÓN





O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de traballo de profesor/a de música, categoría de profesor/a de música, Grupo II, nivel 24 por cada unha das seguintes especialidades:

-Profesor de vento metal e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de calquera dos instrumentos de vento metal.

-Profesor de vento madeira e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de clarinete.

-Profesor de violín e viola e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de violín.

-Profesor de piano e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de piano.

-Profesor de guitarra e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de guitarra.

-Profesor de violoncello e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de violoncello.

-Profesor de percusión e materias complementarias: Título de Profesor (plan 66) ou Título Superior (plan LOXSE e LOE) de percusión.

A bolsa confeccionada servirá para a cobertura daqueles supostos en que sexa precisa a contratación na modalidade de contrato laboral de duración determinada coas cláusulas específicas do contrato temporal de interinidade para a substitución dos profesores de música que as ocupan actualmente nos supostos que a normativa vixente permite para esta modalidade contractual.

O sistema de selección será o de concurso-oposición libre.

SEGUNDA.- Condicións dos aspirantes

Para tomar parte no proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as condicións seguintes:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*
- b) Estar en posesión do título de grao medio ou superior de música segundo o plano de estudos de 1966 ou título de grao superior segundo a LOXSE/LOE de cada unha das especialidades que se sinalan na base primeira para o acceso a cadanseu listado.*
- c) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución*





xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*
- f) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (17,04 euros).*

TERCEIRA.- Publicidade da convocatoria. Presentación de solicitudes

As presentes bases estarán expostas ao público, no Taboleiro de Anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na paxina web do concello (<http://cangas.gal/>), publicándose un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra, durante o prazo sinalado para a presentación de instancias. O Taboleiro de Anuncios Municipal será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

Durante o período de presentación de instancias poderán presentarse reclamacións fronte as bases. De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do Ilmo. Concello de Cangas, e entregadas no Rexistro Xeral durante dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria na sede electrónica do Concello, en horario de atención ao público, facendo constar o cumprimento da base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se acredite documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base sétima. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección, podendo ser apartados dos proceso aqueles aspirantes que sendo requiridos para elo non acreditasen suficientemente ese cumprimento.

Xunto coa instancia presentarase:

- 1.- Fotocopia da titulación esixida.*
- 2.- Fotocopia do DNI.*
- 3.- Resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago farase previa obtención da*





correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

4.- Documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso.

5.- No seu caso, documento acreditativo do nivel de galego a efectos de exención do exame de galego.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude. Así mesmo, a falta de pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo regulamentario de presentación de solicitudes, non poderá ser obxecto de emenda e determinará a exclusión do/a aspirante.

Os/as aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, e no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

Os/as aspirantes que desexen optar a máis de unha especialidade por estar capacitados para elo deberán presentar tantas instancias e documentación como especialidades ás que opten, pagando do mesmo xeito as taxas correspondentes de cada especialidade á que se presenten.

CUARTA.- Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación da documentación requirida, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, que será exposta no Taboleiro de Anuncios deste Concello, para os efectos de presenta-las reclamacións que se consideren oportunas. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.- O tribunal cualificador

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os/as membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co





establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- Comezo e desenvolvemento da proba selectiva

O proceso constará de dúas fases a de concurso e a de oposición:

1.- CONCURSO:

Unha vez rematado o prazo para presentar reclamacións, o tribunal cualificador reunirse no lugar, data e hora sinalados na resolución provisional de admitidos e excluídos ao obxecto de valora-la documentación aportada polos aspirantes na que se valorarán:

a) Experiencia profesional:

- Exercicio da mesma categoría profesional na Administración Local: 0,2 puntos por mes.
- Exercicio da mesma categoría profesional noutras Administracións públicas: 1 punto por ano traballado.
- Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1 punto por ano traballado.

Non se puntuarán as fraccións de tempo.

(Acreditarase coas fotocopias dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante)

Ata un máximo de 30 puntos.

b) Titulacións, certificados dos estudos, ponencias ou publicacións que teñan relación coas funcións a desempeñar:

- Por cada título medio relacionado coas prazas a ocupar expedido polo Ministerio de Educación ou órgano análogo estatal, excluindo o necesario para o acceso á praza, e os que serviron para obter os superiores que se alegan como méritos: 0,5 puntos.
- Por cada título superior relacionado coas prazas a ocupar expedido polo Ministerio de Educación ou órgano análogo estatal, excluindo o necesario para o acceso á praza, e os que serviron para obter os superiores que se alegan como méritos: 1 puntos.
- Por asistencia a cursos relacionados coa praza (1 crédito ou 10 horas de asistencia): 0,25 puntos. Os cursos que teñen máis horas, lle será aplicado a porcentaxe correspondente.





Ata un máximo de 10 puntos.

2.- OPOSICIÓN:

Constará de dous exercicios a desenvolver no no día, hora e lugar previstos na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos que son os seguintes:

a) PROBA PRÁCTICA.

De carácter eliminatorio. Consistirá no planteamento teórico - práctico dunha clase das especialidades que impartirán en grao medio ou elemental (a sorteo).

A valoración da exposición da clase será puntuada nun máximo de 58 puntos. Os aspirantes que non acaden un mínimo de 29 puntos serán eliminados do proceso selectivo.

b) PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

De carácter non eliminatorio. Ao remate da proba práctica o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Este exercicio valorárase cun máximo de 2 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do Certificado en Lingua Galega - Nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento, ou a súa validación para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

As persoas aspirantes que concorran á realización das probas, deberán ir provistas do seu DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento equivalente. En caso de non presentar ningún, deste documentos, non se lle permitira a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- Aprobación dos listados de substitución

Rematado o proceso de selección do tribunal fará públicos os resultados a e elevará á Alcaldía a súa proposta de listas por cada especialidade en función das puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e máis do concurso tendo en conta que a puntuación obtida na fase de oposición representará o 60 % do total e a resultante da fase de concurso o 40 % restante.

No suposto de empate na cualificación final o Tribunal situará con antelación na súa proposta aos aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición, de persistir o empate valorarase a experiencia profesional, se aínda así persiste o empate dirimirase en función da maior puntuación no apartado de formación profesional, en último caso o empate desfarase por sorteo entre os empatados.

Trala remisión da proposta do Tribunal por parte da Alcaldía se procederá a adopción dun





decreto polo cal serán aprobadas as listas resultantes.

OITAVA.- Réxime dos listados

Os listados por especialidade aprobados terán unha duración de catro anos prorrogables mediante resolución expresa a contar dende a data da resolución na que se aprobe tal listado.

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde do listado aprobado. De tal xeito que só se pasará á seguinte persoa do listado de concorrer máis de un nomeamento ou cada vez que a persoa chamada teña prestado servizos por este listado un mínimo de seis meses.

Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A tal fin os aspirantes na solicitude de participación darán a súa conformidade á ser notificados electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e das contratacións que puidera derivarse do mesmo.

En situacións de urxencia poderá facerse un chamamento telefónico, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que fagan constar na instancia de participación, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmentemente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para o seu nomeamento considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.





DÉCIMA - Carácter das bases e incidencias

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA. - Disposición final

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE PROFESOR/PROFESORA DE MÚSICA PARA O CONSERVATORIO E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS.

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira, na especialidade (risque o que proceda):

- Profesor de vento metal e materias complementarias. (...)
- Profesor de vento madeira e materias complementarias (...)
- Profesor de violín e viola e materias complementarias (...)
- Profesor de piano e materias complementarias (...)
- Profesor de guitarra e materias complementarias (...)
- Profesor de violoncello e materias complementarias (...)
- Profesor de percusión e materias complementarias (...)

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non





Concello de Cangas

foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Igualmente dá a súa conformidade á ser notificado electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e da contratación que puidera derivarse deste.

Comprometéndose a achegar a certificación negativa do Rexistro central de delinquentes sexuais, previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.

Cangas, de de 2020

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- n A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*
- N Fotocopia compulsada do D.N.I.*
- n Fotocopia compulsada da titulación esixida.*
- N Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
- N No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego*

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS >>

TERCEIRO.- *Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á aprobación do listado previsto nas bases.*

CUARTO.- *Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6709/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación de conta xustificativa do gasto 2029 do convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para realización de programas de atención e protección da saúde (Urxencia)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 5JGRAC32779A99C7EX2WVG034 | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 27



Visto a proposta da alcaldía de data 03.02.2020, referente a aprobación de conta xustificativa do gasto do convenio de colaboración asinado o 13 de novembro de 2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, que di o seguinte:

En relación co convenio de colaboración asinado o 13 de novembro de 2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Visto o certificado do interventor municipal, propono á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa polo importe total de trescentos trinta e catro mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (334.667,52 €) e para os efectos faise constar:*

1.- Que se cumpriu a finalidade da axuda do convenio.

2.- Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do concello están os documentos xustificativos deles, que quedan a disposición da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar:

Que ao Concello de Cangas concedéuselle unha subvención por importe total de cento noventa e catro mil cincuenta e catro euros con once céntimos (194.054,11 €), dos que lle foron adiantados en concepto de anticipo, cento vinte e nove mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e catro céntimos (129.362,74 €), con data do ingreso, 07.01.2020, como axuda económica pola súa adhesión ao convenio de colaboración asinado o 13 de novembro de 2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Que a finalidade da dita subvención, con respecto a este concello é o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, polo que se manifesta o seu cumprimento.

Que os gastos efectivamente pagados polo concello ocasionados pola realización dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos desde 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019, ascenden a un total de trescentos trinta e catro mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (334.667,52 €), dos que un total de trescentos dezaseis mil cento corenta e sete euros con sesenta e tres céntimos (316.147,63 €), corresponden a gastos de persoal (retribucións básicas e complementarias, douscentos trinta e nove mil setecentos vinte e sete euros con noventa e seis céntimos (239.727,96 €), e por cotas á Seguridade Social, setenta e seis mil catrocentos dezanove euros con sesenta e sete céntimos





(76.419,67 €).

Que os gastos que están contabilizados polo concello como recoñecemento de obriga pendentes de pago ocasionados pola realización dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no mesmo período anteriormente indicado, ascenden a un total de trescentos trinta e catro mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (334.667,52 €).

Que a diferenza entre o gasto efectivamente pagado ou contabilizado como recoñecemento de obriga pendente de pago para o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos e o gasto subvencionado pola Consellería foi financiado con fondos propios.

Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través deste convenio.

Que os conceptos e importes incluídos no presente documento non se utilizaron como xustificantes en ningunha outra subvención de ningunha entidade pública ou privada, nin da Xunta de Galicia"

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 650/2020. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente s/solicitude para nomeamento interino de mestras e mestres composteiros municipais (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 03.02.2020 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente a solicitude para nomeamento interino de mestre/mestra composteiro/composteira municipal, que é como segue:

"Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas aos concellos adheridos ao 'Plan Revitaliza' para o nomeamento interino de mestre/mestra composteiro/composteira municipal.

Visto e que Concello de Cangas, está adherido ao 'Plan Revitaliza', por Resolución da Presidencia de data do 19.01.2017.

Visto que o Concello de Cangas, cumpre cos requisitos que se especificans nas bases de convocatoria.





Concello de Cangas

Vista a documentación que consta no expediente, proxecto de actuación en materia de residuos con descrición das funcións a encomendar ao persoal subvencionado.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar subvención para o nomeamento interino de un/unha mestre/mestra composteiro municipal do Concello de Cangas, ao abeiro das bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos concellos adheridos ao 'Plan Revitaliza', para o nomeamento interino referido.

Segundo.- Declarar o compromiso de manter durante o período de vixencia da subvención o posto da persoa incorporada, sempre que non finalice o plan de compostaxe municipal ao que está vinculado o posto subvencionado, ou agás que concorran causas excepcionais, previa autorización de Deputación de Pontevedra.

Terceiro.- Declarar o compromiso de cofinanciar calquera concepto non subvencionable ou importe que se lle teña que aboar ao traballador/traballadora que exceda da subvención.

Cuarto.- Remitir o presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para os efectos oportunos".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 5JGRAC3279A999CTEX2WGYD34 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27